

María Mariño : guía didáctica

Pensando na celebración das Letras Galegas no Centro, a WebQuest combina producións dixitais con producións en soportes materiais.

A exposición real poderá montarse nos corredores do centro e formar parte das actividades que especificamente se realicen para conmemorar a data sinalada.

OBXECTIVOS:

Afondar no coñecemento da vida e obra do persoeiro galardoado no día das Letras Galegas no ano 2007.
Aprender a usar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, nomeadamente a Internet, para buscar, elaborar e interpretar información.

Aprender a traballar de xeito cooperativo. Propiciar a responsabilidade individual e grupal na consecución dun obxectivo común.

Aprender a presentar traballos tanto oralmente como por escrito.

TEMPORALIZACIÓN:

Búsqueda, selección e procesamento da información por parte de cada membro (situarse no rol): 1 sesión de 1h.

Planificación do proceso de traballo, procesamento grupal da información, estruturación da tarefa a realizar (simulación do debate de expertos): 2 sesións de 1 hora.

Elaboración do material requerido: 6 sesións de 1 hora.

Preparación da presentación oral: 1 sesión de 1 hora.

Presentación oral: 1 sesión de 1 hora (axustable en función dos membros do grupo).

Montaxe da exposición no centro: 1 sesión de 1 hora.

MATERIAIS:

Aula de informática con conexión a internet.

Impresora.

Cartulinas, pegamento, rotuladores... (para montar a exposición).

Canón proxector (para realizar a presentación oral).

METODOLOXÍA:

Para un óptimo aproveitamento das dinámicas de WebQuest, é interesante aplicar estratexias propias da aprendizaxe cooperativa, pois unha WebQuest non é máis que unha forma posible de aprendizaxe cooperativa empregando as Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

Non podemos esperar que os nosos alumnos e alumnas saiban organizar e xestionar de forma espontánea un grupo de traballo con todo o que implica: planificación da tarefa, coordinación, xestión do material, procesos de toma de decisión... O ámbito do aprender a ser e aprender a convivir e as estratexias precisas para desenvolvelo deben formar parte dos obxectivos de calquera proceso de aprendizaxe.

As seguintes referencias poden sernos útiles á hora de traballar o desenvolvemento das habilidades cooperativas e de organizar as sesións de traballo grupal da WebQuest. Pensemos que neste proceso teremos que responder a preguntas aparentemente triviais pero claves para o desenvolvemento da tarefa como son o criterio de constitución dos grupos, estratexias de control e seguimento dos mesmos..., cuestións antes as cales os seguintes traballos poden axudarnos a posicionarnos:

Los grupos de aprendizaje cooperativo, una propuesta metodológica y de organización.

Principios didácticos, aprendizaje cooperativo y proceso de enseñanza

Datos da WebQuest:

- Autora: Ester Vázquez Blanco.
- Nivel Académico e curso ao que vai dirixida a WebQuest: 3º Ciclo de Primaria e 1º da ESO
- Materia: Lingua galega, transversal.

María Mariño : guía didáctica

Plantilla deseñada por [José M^a González-Serna](#) segundo o modelo de [Bernie Dodge](#).
Este documento atópase baixo [Licencia Creative Commons](#).

